

## As universidades como centros promotores da saúde e a **prevención do consumo de alcohol**

As universidades representan un marco idóneo para contribuír notablemente á promoción da saúde e a prevención do consumo de alcohol, co que tamén fomentan o benestar da poboación, e da comunidade universitaria en particular. Cómpre que as diferentes universidades adquiramos os compromisos de activar e participar activamente e de xeito continuado na creación dunha contorna onde se dean as mellores respostas a problemáticas específicas como as directamente derivadas do consumo de alcohol e os riscos asociados.

Con relación á venda de bebidas que conteñan alcohol, a recomendación xeral das universidades é non vender bebidas deste tipo nos campus universitarios. Non obstante, o consumo de bebidas que conteñen alcohol é unha realidade na nosa sociedade e o contexto universitario non é excluínte, polo que se atopan universidades onde se permite a súa venda. Desta forma, as universidades non poden ser alleas á intervención e prevención neste ámbito específico de actuación.

A continuación, suxírese unha serie de recomendacións, coa pretensión de que estes criterios e suxestións poidan ser útiles e contribúan a fomentar a promoción de hábitos saudables, a prevención do consumo de alcohol e a redución dos riscos deste en caso de que se produza.

### **1. Recomendacións xerais**

- Establecer un plan de acción concreto e integral con dotación orzamentaria, que dispoña de mecanismos eficaces e sostibles para o seu deseño, execución, seguimento e avaliación.
- Incorporar accións e iniciativas nas universidades para a prevención do consumo e abuso do alcohol, adaptadas ás necesidades dos campus universitarios e do seu contexto.
- Ofrecer formación ao estudiantado universitario con relación ao consumo de alcohol, sexa a través de cursos, seminarios transversais, xornadas ou cápsulas informativas dentro das propias materias de grao/mestrado.
- Motivar e concienciar o alumando para participar a través de diferentes opcións, a coñecer a súa opinión e as súas necesidades, implícalo e facelo participe da Universidade Saudable, para o converter en axente de promoción da saúde.
- Realizar campañas preventivas dentro do contexto universitario, de forma continuada, sobre a prevención e redución dos riscos do consumo de alcohol.

- Coordinar estratexias con outros sectores pertinentes, incluída a cooperación con outros plans e estratexias do sector da saúde da comunidade.
- Potenciar o voluntariado universitario en materia de prevención de adiccions e redución dos riscos do consumo de alcohol, utilizando a metodoloxía de igual a igual.
- Obter e analizar datos relativos ao consumo de alcohol do estudantado de cada universidade (e.g., enquisas de saúde, investigacións específicas etc.), por medio do deseño da metodoloxía máis axeitada para cada contexto e colectivo. Tal investigación non debe obviar o estudo das expectativas do consumo e a percepción dos riscos, así como outras variables como o sexo ou o xénero.
- Fomentar a elaboración de TFG, TFM e teses sobre esta problemática específica.
- Levar a cabo actividades de sensibilización, prevención e formación na materia específica con PDI, PI e PAS.
- Fomentar as actividades transversais realizadas por outros servizos da universidade e entre as súas diferentes oficinas ou unidades administrativas/funcionais.
- Diseñar e pór en marcha campañas específicas centradas na adquisición e mellora das habilidades sociais e a xestión emocional (e.g., autoestima, control de impulsos etc.) como elemento chave para a promoción da saúde e a prevención de condutas adictivas, e do abuso do alcohol concretamente.
- Utilizar a expresión artística como vía de sensibilización do alumnado, mediante metodoloxías de igual a igual (como, por exemplo, *performances* en zonas de restauración, concursos de fotografía ou curtametraxes, exposicións permanentes etc.).
- Instaurar un servizo de prevención de adiccions e asesoramento dentro das universidades, orientado tanto ao estudantado como ao cadro de persoal.
- Crear canles de comunicación e de asesoramento psicosocial para o estudantado, onde poida resolver as súas dúbidas e inquietudes sobre o consumo de alcohol e as problemáticas relacionadas.
- Crear cartelaría permanente en lugares chave das universidades para a difusión das mensaxes preventivas.
- Evitar a publicidade de festas (dentro da contorna universitaria) que fomenten o consumo abusivo do alcohol, como aquelas que ofrecen barra libre ou máis de certas consumicións por entrada, concursos baseados na inxestión de alcohol ou prácticas similares.
- Diseñar e divulgar campañas nas redes sociais e outras canles de cada universidade, amais dun decálogo de recomendacións sobre o consumo de alcohol dirixido ao alumnado.

- Facilitar o contacto directo do estudiantado cos recursos especializados na materia que hai á disposición da comunidade universitaria.
- Crear un repositorio de boas prácticas en materia de prevención de adiccións compartido por todas as universidades.

## 2. Recomendacións sobre a venda de alcohol no contexto universitario, orientadas a aquelas universidades en que se permita a devandita venda

- Crear espazos de debate e reflexión cos órganos de goberno das universidades e o consello de estudantes para tomar decisións e medidas eficientes con relación á dispensación ou non dispensación de bebidas alcohólicas nos campus universitarios.
- Regular o número e a localización dos puntos de venda de alcohol.
- Realizar formacións específicas dirixidas ás persoas responsables da dispensación co fin de evitar os riscos do consumo e identificar problemáticas de abuso ou dependencia.
- Eliminar a publicidade das bebidas alcohólicas dos establecementos.
- Limitar a venda ás bebidas fermentadas (cervexa), cuxa graduación é inferior á das bebidas destiladas (e.g., ron, vodka).
- Regular os prezos das bebidas alcohólicas: revisión dos prezos, restrición de prezos promocionais e prohibición de ofertas de venda en grandes cantidades.
- Establecer boas prácticas relacionadas coa venda responsable de alcohol como, por exemplo: limitar o horario de venda, ofrecer un vaso de auga gratuíto con cada consumición dunha bebida alcohólica e outras medidas.
- Naquelas universidades en se que se venda alcohol e se xestionen festas, seguiranse as recomendacións do consenso de xestións de festas.

Este documento foi aprobado polo Pleno da CRUE-Sostibilidade que tivo lugar o 3 de xuño de 2022 na Universidade Rei Xoán Carlos.

A CRUE-Sostibilidade, comisión sectorial da CRUE Universidades Españolas, foi constituída en 2009 e presídea actualmente o reitor da Universidade de Burgos, Manuel Pérez Mateos. O obxectivo desta comisión sectorial é intercambiar as experiencias das universidades españolas en materia de sostibilidade, saúde, prevención de riscos laborais e políticas de xénero e igualdade, así como coordinar e fomentar as boas prácticas e a cooperación nestes ámbitos.

Documento elaborado en colaboración coa: